

8. Situacións concretas que inciden nos procedementos

Como profesorado debemos coñecer e familiarizarnos coas circunstancias que poden afectar de forma máis relevante ao procedemento administrativo e xudicial, especialmente aquelas que se poden derivar das actuacións ou mesmo da inacción no ámbito das obrigas e responsabilidades concretas no seo dos centros educativos e da función pública en xeral: minoría de idade, tutela, situación familiar etc. As situacións que afectan a cada caso poden determinar ou aconsellar unha maneira distinta de operar.

8.1. Maioría de idade (18 anos)

Cos 18 anos cumpridos homes e mulleres adquiren a maioría de idade, o que supón a responsabilidade penal dos seus feitos, a tutela de todas as situacións que lle afecten e o dereito á información relativa aos seus dereitos.

Así pois, a poboación escolar que ten a maioría de idade ten a potestade de decidir se se comunica ou non á súa familia a información que lle atinxe. Con todo, nunha situación de vulnerabilidade debe procurarse o acompañamento que se precise e mesmo pode considerarse aconsellado informar a familia¹, pero sempre baixo a autorización da persoa maior de idade, agás que a persoa maior de idade estea incapacitada legalmente².

En calquera caso, a responsabilidade do centro na protección dunha vítima de violencia é independente da idade da vítima.

8.2. Minoría de idade (-18 anos)

Ao seren menores de idade, as situacións de violencia sufridas deben ser comunicadas ás súas familias por seren as depositarias da súa tutela. Polo tanto, ante unha situación de violencia na que a vítima sexa menor de idade cómpre informar a familia.

Como excepción ao indicado no parágrafo anterior, a familia queda inicialmente excluída da información de haber sospeita na súa participación na situación de violencia ben por actuación directa ou ben por encubrimento³.

Ademais, cómpre solicitar o seu permiso para realizar determinadas actuacións, pero non para realizar unha entrevista coa vítima ou para realizar unha gravación desta entrevista, que sempre deberá ser autorizada pola vítima.

Respecto da aplicación do Código penal a menores de idade, a lei di que non serán considerados responsables criminalmente⁴. Polo tanto os actos delitivos que poidan cometer

¹ Neste punto cómpre facer unha apreciación: no caso de persoas maiores de idade, moitas veces dáse o caso de que o seu círculo de protección e o seu modelo de convivencia é con amigos/parella, polo que cómpre atender a posibilidade de que resulte máis idóneo contactar co seu círculo de relacións máis próximo alén da familia. Así pois se cadra é máis preciso coñecer os núcleos de confianza que as relacións sanguíneas en determinados contextos.

² No caso de incapacitación xudicial, a referencia para as posibles intervencións será a persoa designada como titor/a legal.

³ É unha situación que pode darse nos casos de abuso sexual infantil.

⁴ Art. 19 do Código penal:

Los menores de dieciocho años no serán responsables criminalmente con arreglo a este Código.

Cuando un menor de dicha edad cometa un hecho delictivo podrá ser responsable con arreglo a lo dispuesto en

rexeranse polo disposto na lei que regule a responsabilidade penal das persoas menores de idade⁵ (véx. apartado 7.5).

8.3. Consentimento sexual (16 anos)

Cos 16 anos cumpridos, a poboación escolar ten o dereito a outorgar o seu consentimento sexual para participar nunha relación.

Os actos de carácter sexual mantidos con menores de idade constitúen un delito de abuso sexual (véx. art. 183 do Código penal⁶). Segundo isto, as relacións sexuais adolescentes con consentimento estarían consideradas actos de abuso sexual; con todo, o art. 183 quarter⁷ do Código penal estableceu unha excepción para non criminalizar as relacións sexuais consentidas mantidas entre adolescentes cun grao semellante de desenvolvemento ou madurez física e psicolóxica; en todo caso, e ante unha denuncia, será o órgano xudicial quen determine se se aplica esta excepción.

Esta situación ten unha complicación engadida para o seu tratamento pola razón de que a falta de coñecemento do que implica o consentimento e os roles sexuais establecidos poden levar a que haxa certa confusión sobre se unha relación sexual se produce ou non con consentimento (ex. que situacións se consideran actos sexuais, a vontade de participación nun acto sexual, a insistencia abusiva como medida de presión, que situacións se poden considerar unha agresión sexual...).

Por último, ante un caso de muller menores de 16 prostituída non procede o emprego da expresión "prostitución de menores" para referirnos a esta situación de explotación sexual

la ley que regule la responsabilidad penal del menor.

⁵ Na actualidade, a Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores. Véx. a versión consolidada.

⁶ Lei orgánica 10/1995, de 23 de novembro, del Código Penal (véx. versión consolidada). Código penal. *Artículo 183.*

1. *El que realizare actos de carácter sexual con un menor de dieciséis años, será castigado como responsable de abuso sexual a un menor con la pena de prisión de dos a seis años.*
2. *Cuando los hechos se cometan empleando violencia o intimidación, el responsable será castigado por el delito de agresión sexual a un menor con la pena de cinco a diez años de prisión. Las mismas penas se impondrán cuando mediante violencia o intimidación compeliere a un menor de dieciséis años a participar en actos de naturaleza sexual con un tercero o a realizarlos sobre sí mismo.*
3. *Cuando el ataque consista en acceso carnal por vía vaginal, anal o bucal, o introducción de miembros corporales u objetos por alguna de las dos primeras vías, el responsable será castigado con la pena de prisión de ocho a doce años, en el caso del apartado 1, y con la pena de doce a quince años, en el caso del apartado 2.*
4. *Las conductas previstas en los tres apartados anteriores serán castigadas con la pena de prisión correspondiente en su mitad superior cuando concurra alguna de las siguientes circunstancias:*
 - a) *Cuando la víctima se halle en una situación de especial vulnerabilidad por razón de su edad, enfermedad, discapacidad o por cualquier otra circunstancia, y, en todo caso, cuando sea menor de cuatro años.*
 - b) *Cuando los hechos se cometan por la actuación conjunta de dos o más personas.*
 - c) *Cuando la violencia o intimidación ejercidas revistan un carácter particularmente degradante o vejatorio.*
 - d) *Cuando, para la ejecución del delito, el responsable se hubiera prevalido de una situación de convivencia o de una relación de superioridad o parentesco, por ser ascendiente, o hermano, por naturaleza o adopción, o afines, con la víctima.*
 - e) *Cuando el culpable hubiere puesto en peligro, de forma dolosa o por imprudencia grave, la vida o salud de la víctima.*
 - f) *Cuando la infracción se haya cometido en el seno de una organización o de un grupo criminal que se dedicare a la realización de tales actividades.*
5. *En todos los casos previstos en este artículo, cuando el culpable se hubiera prevalido de su condición de autoridad, agente de ésta o funcionario público, se impondrá, además, la pena de inhabilitación absoluta de seis a doce años.*

⁷ Código penal. Art. 183 quarter. *El consentimiento libre del menor de dieciséis años, excepto en los casos del artículo 183.2 del Código Penal, excluirá la responsabilidad penal por los delitos previstos en este capítulo cuando el autor sea una persona próxima al menor por edad y grado de desarrollo o madurez física y psicológica*

posto que, como xa indicamos, non poden dar o seu consentimento sexual.

8.4. Consentimento sanitario (16 anos)

As persoas maiores de 16 anos teñen potestade para outorgar o consentimento sanitarioⁱ no referido á súa saúde⁸. Como docentes debemos ter isto en conta no caso de que o alumnado requira algún tipo de atención médica: se ten os 16 anos cumpridos pode acceder aos servizos de saúde e recibir o tratamento que precise sen autorización da súa familia. En caso de agresión sexual, o alumnado ten dereito a recibir acompañamento durante todo o proceso segundo o Estatuto da vítima⁹; neste caso, sería desexable procurar o acompañamento da familia para que contribúa ao acompañamento da menor.

No que respecta á interrupción voluntaria do embarazo, as mulleres menores de idade¹⁰ requiren a autorización familiar conforme o establecido na normativa vixente.

Cómpre tamén ter en conta as limitacións que se poida atopar o alumnado cando quere exercer un dereito do que é partícipe pola súa relación co agresor: ex. a asistencia sanitaria a través da sanidade privada da que o titular é o agresor.¹¹

8.5. Autorización dos datos persoais (14 anos)

Con 14 anos cumpridos a poboación escolar ten dereito a autorizar que uso se fai dos seus datos persoais (toma de imaxes, difusión de imaxes, gravación de conversa, gravación audiovisual...).

Se non ten os 14 anos, hai que comunicarlle a familia os feitos (mesmo sen o consentimento da vítima). Tamén hai que solicitar o permiso da familia para realizar a entrevista. Con todo, é importante informar a vítima de que se vai poñer en coñecemento da familia os feitos e asegurar o clima de confianza con ela para manter a súa alianza con nós, en tanto que docentes, titores/a, cargos directivos dos centros ou persoas orientadores/as. Neste senso, convén valorar a posibilidade de que unha vez orientada a vítima menor de idade, sexa esta quen realice esa primeira comunicación a súa familia, indicando que desde o centro se queda

⁸ Normativamente, mesmo existe a excepción para menores entre 14-16 anos no caso de que o persoal sanitario recoñeza unha madurez que aconselle esa atención sen tutela.

⁹ Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito (BOE do 28 de abril).

Artículo 4. Derecho a entender y ser entendida.

Toda víctima tiene el derecho a entender y ser entendida en cualquier actuación que deba llevarse a cabo desde la interposición de una denuncia y durante el proceso penal, incluida la información previa a la interposición de una denuncia.

A tal fin:

a) Todas las comunicaciones con las víctimas, orales o escritas, se harán en un lenguaje claro, sencillo y accesible, de un modo que tenga en cuenta sus características personales y, especialmente, las necesidades de las personas con discapacidad sensorial, intelectual o mental o su minoría de edad. Si la víctima fuera menor o tuviera la capacidad judicialmente modificada, las comunicaciones se harán a su representante o a la persona que le asista.

b) Se facilitará a la víctima, desde su primer contacto con las autoridades o con las Oficinas de Asistencia a las Víctimas, la asistencia o apoyos necesarios para que pueda hacerse entender ante ellas, lo que incluirá la interpretación en las lenguas de signos reconocidas legalmente y los medios de apoyo a la comunicación oral de personas sordas, con discapacidad auditiva y sordociegas.

c) La víctima podrá estar acompañada de una persona de su elección desde el primer contacto con las autoridades y funcionarios.

¹⁰ Están neste mesmo suposto as persoas trans con capacidade para xestar.

¹¹ Isto é un problemón: cando a vítima (e os fillos, se os houber) non ten un seguro propio (non ten tarxeta sanitaria propia) e está incluída no seguro do agresor. E se a menor ten 16 anos e que quere exercer unha consulta sanitaria sen o coñecemento da familia, como solicita esa asistencia se non ten fisicamente a tarxeta sanitaria?

ao dispor dela para continuar coas accións de acompañamento e mesmo de apertura e desenvolvemento do protocolo que proceda en cada caso.

8.6. Responsabilidade penal (14-17 anos)

Con 14 anos cumpridos, a poboación escolar que delinca ten responsabilidade penal¹² en base á lei de responsabilidade penal do menor¹³. Pola contra, as persoas menores de 14 anos son inimputables baixo o Código penal, polo que unha persoa que cometa unha agresión con menos de 14 anos recibe unha corrección de conduta nunha institución estatal (inclusión nun centro de menores).

Cómpre lembrar que o descoñecemento da lexislación non exime da sanción penal. Polo tanto, é especialmente importante en idades temperás que o alumnado sexa educado en pautas de convivencia respectuosas e en igualdade, que reciba unha educación afectivo-sexual que lle permita coñecer onde están os límites da liberdade sexual e os fundamentos do consentimento sexual e, por último, que coñeza ben os límites do uso e difusión a través das redes de imaxes e contidos referidos a outras persoas, sobre todo cando conteñen contidos sexuais, violentos ou que atentan contra a dignidade da persoa.

Como estratexia de prevención, suxírese que desde os centros se aborde esta cuestión xa na sesión ou sesións de acollida do alumnado ao inicio de curso, informando e alertando das posibles consecuencias que pode supoñer un uso indebido das redes sociais (ameazas, coaccións, difamacións...), as difusións que poden ser susceptibles de seren consideradas un ilícito penal (contido sexual ou violento explícito) e as situacións que poden comprometer a súa propia seguridade e integridade persoal etc.

8.7. Responsabilidade non penal (-14 anos)

Ás persoas menores que non teñan cumpridos os 14 anos e cometan un acto delictivo, nin se lle aplica o código penal nin a lei de responsabilidade penal do menor¹⁴. Aplícaselle o que se estableza para a protección de menores no Código civil.

8.8. Factores de especial vulnerabilidade

A **vulnerabilidade** enténdese como a situación de maior susceptible ante a posibilidade de sufrir un dano. Na actualidade prefírese falar de **factores de vulnerabilidade** a factores de risco (que poderían ser considerados sinónimos). O termo risco queda máis vinculado a **situacións de risco** (estar en situacións concretas definidas como perigosas: ex. conduta sexual de risco, consumo de estupefacientes). Tamén se evita o concepto ***colectivos vulnerables** posto que as razóns polas que alguén pode estar nunha situación de vulnerabilidade teñen que ver co contexto, non é algo necesariamente intrínseco a persoas nin a colectivos.

¹² Con todo, as sancións penais non son as mesmas para persoas de 14-17 que para persoas maiores de idade.

¹³ Aplícase a Lei orgánica 5/2000 para esixir a responsabilidade das persoas maiores de catorce anos e menores de dezaioito (polo tanto, quen teña 15, 16 ou 17 anos) pola comisión de feitos tipificables como delitos ou faltas no Código penal ou nas leis penais especiais.

¹⁴ Lei orgánica 5/2000. *Artículo 3. Régimen de los menores de catorce años.* Cuando el autor de los hechos mencionados en los artículos anteriores sea menor de catorce años, no se le exigirá responsabilidad con arreglo a la presente Ley, sino que se le aplicará lo dispuesto en las normas sobre protección de menores previstas en el Código Civil y demás disposiciones vigentes. El Ministerio Fiscal deberá remitir a la entidad pública de protección de menores testimonio de los particulares que considere precisos respecto al menor, a fin de valorar su situación, y dicha entidad habrá de promover las medidas de protección adecuadas a las circunstancias de aquél conforme a lo dispuesto en la Ley Orgánica 1/1996, de 15 de enero.

Alén da idade, o alumnado pode verse afectado por outros factores de vulnerabilidade que incidan especialmente na súa desprotección ante a comisión dun acto de violencia. Polo tanto cómpre adoptar un especial coidado e vixilancia nas situacións en que o alumnado:

- ten unha procedencia **rural**. A veciñanza nun hábitat rural ofrece peores perspectivas de acción contra a violencia de xénero e menos oportunidades para saír dunha situación de violencia ou maltrato. As razóns que se sinalan para considerar o hábitat rural como factor de vulnerabilidade son a pervivencia acentuada de estereotipos de xénero, o maior control social da poboación, o menor acceso a recursos asistenciais, a menor pegada das campañas sensibilización, maior ocultación da violencia e a maior dificultade para recoñecela polas súas vítimas.
- ten algún nivel de **discapacidade** (física, psíquica, sensorial ou intelectual¹⁵)
- ten unha condición afectivo-sexual ou identitaria minoritaria (colectivo **LGTBI**)
- ten un nivel de **inclusión** escolar baixo (ex. alumnado procedente do estranxeiro, que pode presentar dificultades para comunicarse, para establecer relacións persoais, para comprender costumes culturais...; alumnado non integrado nun grupo de iguais etc.).
- foi **vítima** de agresión sexual.
- ten baixa autoestima, non dispón de recursos persoais (habilidades sociocomunicativas) para superar as dificultades, ten baixa credibilidade diante da comunidade (por conduta disruptiva, hipersexualización, rol de xénero estereotipado, por supoñérselle baixa fiabilidade...).
- procede dun **contexto familiar de violencia**: cando o alumnado vive nun contorno familiar onde se produce maltrato (violencia doméstica, violencia de xénero...) pódense normalizar as situacións de violencia con maior facilidade; nos casos no que o contexto familiar é prostitucional sucede que o alumnado vive nun contorno familiar onde se exerce a prostitución e se poden normalizar as situacións de violencia con maior facilidade, adquirir coñecementos ou condutas sexuais impropias da súa idade e mesmo sufrir situacións de abuso sexual.
- ten un contexto familiar **desestruturado** ou en risco de exclusión social.
- procede dunha familia con crenzas culturais ou relixiosas que xustifican ou **normalizan a violencia de xénero**, que **desvaloriza a educación**, especialmente a das nenas (ex. de interese para evitar o risco de matrimonio precoz). Podemos incluír aquí a situación das alumnas para as que ser vítima de violencia de xénero suporía unha estigmatización cultural ou de ruptura coa comunidade de referencia (ex. por prohibición de relacións amorosas, pola existencia dun discurso culpabilizador, polo posible rexeitamento da comunidade relixiosa...).
- ten **dificultades sobrevidas**: ás veces as vítimas arrastran outras situacións de malestar que inciden na súa vulnerabilidade e que propician que teña menos estratexias de defensa ante unha situación de violencia (ex. perda de emprego na familia e dificultades socioeconómicas, vítima con bulimia, depresión, ansiedade, trastorno de estrés postraumático, acoso escolar, condutas autolíticas, sentimentos frecuentes de vergoña e culpabilidade...).
- non ten **factores protectores** no ámbito familiar ou no seu contorno social próximo: as persoas que carecen de factores protectores fortes adoitan presentar maior factor de vulnerabilidade fronte ao abuso e á agresión sexual, mesmo en caso menores baixo tutela xudicial.

¹⁵As persoas con discapacidade intelectual adoitan asociar as prácticas sexuais en situación de abuso con situacións de recompensa, con xogos, con mostras de afecto... polo que cómpre facer unha prevención destas situacións a través da educación afectivo-sexual desde idades temperás, entendendo que a educación afectivo-sexual forma parte da educación integral das persoas e que se formula de acordo coa idade e a madurez.

- manifestáronlle nalgunha ocasión a algunha persoa do centro educativo ou da comunidade educativa ter vivenciado algún episodio ou situación de risco, que poidan ser considerados indicios razoables para un seguimento e acompañamento desde o centro educativo, especialmente en casos de menores, coa finalidade de valorar a necesidade dalgunha medida de prevención e/ou intervención desde o ámbito educativo.¹⁶

8.9. Idade para a acreditación da condición de vítima de violencia de xénero

A acreditación da condición de vítima, prescritiva para a tramitación dalgunhas axudas, expídese normalmente para mulleres adultas; polo xeral, os fillos e as fillas están cubertas por esa acreditación. Con todo, non se establece idade mínima para a acreditación da condición de vítima de violencia de xénero. Cómpre telo en conta na protección dos dereitos das persoas menores de idade que están nesta situación posto que dispoñen duns dereitos de protección dos que non dispoñen noutros casos (ex. asistencia xurídica gratuíta); podería darse o caso que unha nena solicite esta acreditación da condición de vítima sen que sexa partícipe o seu contorno familiar.

8.10. Lugar no que ocorren os feitos

Se o centro ten indicios de que a situación de violencia se dá nunha **actividade do centro educativo** (horario lectivo, actividades complementarias, actividades extraescolares), non pode haber dúbida sobre a necesidade da intervención.

Se a situación de violencia sucede **fóra do horario lectivo ou do recinto escolar** (na rúa, no fogar), o centro debe recoller que indicios ten desa situación. En calquera caso, a comunicación verbal do alumnado dunha situación de violencia que se dá nesta circunstancia esixe a comunicación dos feitos ás autoridades competentes (ex. alumnado vítima de VX no seu fogar, alumnado que se sente ameazado, alumnado que é vítima de difusión de imaxes con contido sexual, alumnado agredido na fin de semana...).

Convén aclarar que por un lado se menciona o lugar no que ten lugar o desenvolvemento dos feitos, e partindo de que sempre resulta controvertida a distinción de se se producen dentro ou fóra do centro, neste caso, hai que valorar tamén situacións que aínda que se produzan fóra do centro e mesmo fóra do ámbito das actividades que realiza o centro (extraescolares, fóra do centro e mesmo fóra do horario lectivo), non deben deixarse a marxe da intervención cando afectan ao centro ou neste caso, á convivencia no propio centro e mesmo con repercusión en persoas concretas da comunidade educativa (alumnado, persoal do centro). A modo de exemplo, se nun centro se ten coñecemento de actos de violencia de xénero ben sufridos directamente por alumnado do centro ou presenciados, especialmente no caso de alumnado menor, pero que lle están afectando ao rendemento escolar, estado de saúde (física, psicolóxica, etc.), o centro non pode desprenderse de emprender actuacións e medidas que están ao seu alcance e competencia para tratar de paliar e/ou reverter á situación. Cando menos, actuacións que permitan unha valoración para adoptar medidas orientadoras,

¹⁶Exemplo: unha alumna menor informa nun determinado momento á persoa titora do centro educativo que está sufrir agresión sexual no contorno familiar por parte do seu proxenitor e, pola súa vez, descualificacións e insultos con expresións vexatorias doutro membro da unidade familiar que a propia menor é quen de identificalas como "violencia de xénero". A situación é tal que a menor informa de que ten medo de regresar ao seu domicilio e especialmente permanecer nel durante a fin de semana por temor a que continúen as agresións. Diante do coñecemento destes feitos o centro actuou de inmediato desenvolvendo as actuacións que procedían e tamén logo, a nivel institucional, na debida protección á vítima. Neste caso, foi clave a determinación da vítima pero tamén a condición de persoa de confianza na figura do titor, neste caso, varón.

protección, acompañamento, medidas de tipo máis educativo, ou mesmo chegar logo a poñer en coñecemento das autoridades e institución que mellor corresponda. Efectivamente, cando se trata de feitos non producidos directamente no ámbito da contorna escolar (ben sexa dentro ou fóra das instalacións do centro) as razóns para non intervir sempre afloran aínda que non están xustificadas, pero aínda sabendo das extraordinarias dificultades que supón a súa xestión, a dirección do centro debe valorar a situación en tanto que determinar se debe intervir e como dar os primeiros pasos, evitando así certa complicidade en ocasións existente con situacións de desamparo de menores ou mesmo actos que poden evoluir e supoñer outras consecuencias de risco claro de desprotección, etc.

Desde un compromiso ético coa causa da violencia de xénero e do deber que se atribúe á institución educativa, debe considerarse sempre a posibilidade de intervir, mesmo nos casos en que efectivamente, as dúbidas, dificultades, incertezas e complexidade das situacións non o poñen doado.

8.11. Relacións intercentros

En ocasións a situación de violencia dáse entre alumnado matriculado en centros distintos. Nestes casos é necesario que a dirección do centro que primeiro teña coñecemento da situación, e unha vez que realizadas as primeiras pescudas, se observa que hai indicios ou mesmo xa certezas de implicacións con alumnado doutro centro ou centros, faise necesario articular medidas de posta en común -mesmo discretas- entre ámbalas direccións dos respectivos centros afectados.

Esta necesidade de coordinación pero desde un formato discreto, confidencial, pero que supoña necesariamente unha visión coordinada da información existente e logo das estratexias e medidas adoptadas en cada centro, poden ser a clave de certo éxito na resolución do problema. Con todo, pola súa vez, pode ser a opción máis viable para unha pronta e efectiva intervención xestionada co debido coñecemento de causa, aspecto que non sempre é posible se se realiza de forma unilateral, descontextualizada ou sen a debida colaboración doutro ou doutros centros afectados.

A xustificación da necesidade de establecer unha relación intercentros, cunha metodoloxía de funcionamento en rede tanto para situacións de acoso escolar como neste caso, para intervencións de prevención en materia de violencia de xénero, e aínda preservando sempre a debida protección de datos persoais, datos sensibles e confidencialidade etc., vén determinada por razóns de oportunidade nas que dispoñendo e compartindo certa información, estratexias, criterios técnicos/profesionais, contraste de pareceres, etc., poden concluír en melloras na xestión da convivencia de forma integral nunha determinada contorna máis aló do propio centro e pola súa vez, non ter a sensación de estar sós e sen referentes para intervir, etc.

A cuestión está en se tratamos unicamente de afrontar e resolver os casos de violencia de xénero que afectan ao ámbito escolar, cadaquén cando lle xorden ou conforme lle van aparecendo ou ben formulamos o propósito de actuar desde a prevención e con medidas que teñan finalmente un impacto positivo na capacidade de intervir desde o compromiso que corresponde e se demanda do ámbito educativo, xa que neste último nivel de desempeño é necesario traballar en rede e cunha visión compartida do problema.

ⁱ O consentimiento sanitario figura regulado na Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do doente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica (véx. a versión consolidada).

Artículo 9. Límites del consentimiento informado y consentimiento por representación.

1. La renuncia del paciente a recibir información está limitada por el interés de la salud del propio paciente, de terceros, de la colectividad y por las exigencias terapéuticas del caso. Cuando el paciente manifieste expresamente su deseo de no ser informado, se respetará su voluntad haciendo constar su renuncia documentalmente, sin perjuicio de la obtención de su consentimiento previo para la intervención.

2. Los facultativos podrán llevar a cabo las intervenciones clínicas indispensables en favor de la salud del paciente, sin necesidad de contar con su consentimiento, en los siguientes casos:

a) Cuando existe riesgo para la salud pública a causa de razones sanitarias establecidas por la Ley. En todo caso, una vez adoptadas las medidas pertinentes, de conformidad con lo establecido en la Ley Orgánica 3/1986, se comunicarán a la autoridad judicial en el plazo máximo de 24 horas siempre que dispongan el internamiento obligatorio de personas.

b) Cuando existe riesgo inmediato grave para la integridad física o psíquica del enfermo y no es posible conseguir su autorización, consultando, cuando las circunstancias lo permitan, a sus familiares o a las personas vinculadas de hecho a él.

3. Se otorgará el consentimiento por representación en los siguientes supuestos:

a) Cuando el paciente no sea capaz de tomar decisiones, a criterio del médico responsable de la asistencia, o su estado físico o psíquico no le permita hacerse cargo de su situación. Si el paciente carece de representante legal, el consentimiento lo prestarán las personas vinculadas a él por razones familiares o de hecho.

b) Cuando el paciente tenga la capacidad modificada judicialmente y así conste en la sentencia.

c) Cuando el paciente menor de edad no sea capaz intelectual ni emocionalmente de comprender el alcance de la intervención. En este caso, el consentimiento lo dará el representante legal del menor, después de haber escuchado su opinión, conforme a lo dispuesto en el artículo 9 de la Ley Orgánica 1/1996, de 15 de enero, de Protección Jurídica del Menor.

*4. Cuando se trate de **menores emancipados o mayores de 16 años** que no se encuentren en los supuestos b) y c) del apartado anterior, no cabe prestar el consentimiento por representación.*

No obstante lo dispuesto en el párrafo anterior, cuando se trate de una actuación de grave riesgo para la vida o salud del menor, según el criterio del facultativo, el consentimiento lo prestará el representante legal del menor, una vez oída y tenida en cuenta la opinión del mismo.

5. La práctica de ensayos clínicos y la práctica de técnicas de reproducción humana asistida se rigen por lo establecido con carácter general sobre la mayoría de edad y por las disposiciones especiales de aplicación.

*Para la **interrupción voluntaria del embarazo** de menores de edad o personas con capacidad modificada judicialmente será preciso, además de su manifestación de voluntad, el consentimiento expreso de sus representantes legales. En este caso, los conflictos que surjan en cuanto a la prestación del consentimiento por parte de los representantes legales, se resolverán de conformidad con lo dispuesto en el Código Civil.*

6. En los casos en los que el consentimiento haya de otorgarlo el representante legal o las personas vinculadas por razones familiares o de hecho en cualquiera de los supuestos descritos en los apartados 3 a 5, la decisión deberá adoptarse atendiendo siempre al mayor beneficio para la vida o salud del paciente. Aquellas decisiones que sean contrarias a dichos intereses deberán ponerse en conocimiento de la autoridad judicial, directamente o a través del Ministerio Fiscal, para que adopte la resolución correspondiente, salvo que, por razones de urgencia, no fuera posible recabar la autorización judicial, en cuyo caso los profesionales sanitarios adoptarán las medidas necesarias en salvaguarda de la vida o salud del paciente, amparados por las causas de justificación de cumplimiento de un deber y de estado de necesidad.

7. La prestación del consentimiento por representación será adecuada a las circunstancias y proporcionada a las necesidades que haya que atender, siempre en favor del paciente y con respeto a su dignidad personal. El paciente participará en la medida de lo posible en la toma de decisiones a lo largo del proceso sanitario. Si el paciente es una persona con discapacidad, se le ofrecerán las medidas de apoyo pertinentes, incluida la información en formatos adecuados, siguiendo las reglas marcadas por el principio del diseño para todos de manera que resulten accesibles y comprensibles a las personas con discapacidad, para favorecer que pueda prestar por sí su consentimiento.